

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN GALEGA DE IRMANDADES DE DOADORES DE SANGUE .

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue subscribiron con data 5/7/19 un convenio de colaboración para a promoción da hemodoazón en Galicia.

Que o citado convenio ten por obxecto o desenvolvemento, por parte da Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue, da promoción da hemodoazón en Galicia con todos os medios ao seu alcance, en coordinación co Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos. No desenvolvemento destes programas, a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde ao axeitado desenvolvemento do referido obxecto.

Que o instrumento convencional citado anteriormente se fundamenta no mantemento dunha liña de colaboración establecida en anos anteriores, que ten contribuído significativamente ao mantemento da doazón de sangue en niveis axeitados para atender a demanda do recurso.

A Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue agrupa ás distintas Irmandades galegas que teñen como finalidades, entre outras, a promoción da hemodoazón en Galicia baixo a coordinación da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.

Para acadar niveis óptimos de hemodoazón, as distintas Irmandades que compoñen a federación participan en campañas de radio e televisión, reparten trípticos e carteis, percorren concellos contactando directamente coas persoas, promoven charlas e atenden tódolos requirimentos dos doadores nas súas oficinas, tanto persoal como telefónicamente.

Así mesmo, as Irmandades, ao igual que viña ocorrendo co Centro de Transfusións de Galicia, colaboran coa Axencia mediante a realización de propostas, así como en todo o que esta determine e solicite.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo